

COMPOSICIÓN DUN TEXTO HISTÓRICO

OPCION 1

A partir dos documentos que seguen debes compoñer un texto sobre a transición política á democracia. Logo da morte de Franco, os cambios inicianse definitivamente coa designación de Adolfo Suárez como Presidente do Goberno (Doc.1). A Lei para a Reforma Política (Doc.2) confirma a opción reformista adoptada pola transición e permite á UCD liderada por Suárez levar a cabo un programa de goberno (Doc.3) que, contando no esencial co consenso das demais forzas políticas, culminaría coa promulgación da Constitución en 1978 (Doc.4). Fracasado o intento de golpe de Estado de febreiro de 1981 (Doc.5), a victoria socialista nas eleccións de 1982 (Doc.6) abriría unha nova etapa política.

Doc.1.-Logo de ser designado Presidente do Goberno polo Rei, Adolfo Suárez diríxese ó país (6 de xullo de 1976):

“A meta última é moí concreta: que os gobernos do futuro sexan o resultado da libre vontade da maioría dos españois, e para elo solicito a colaboración de tódalas forzas sociais (...).

A Coroa ten a vontade expresa de acadar unha democracia moderna para España, unha democracia na que a liberdade, a xustiza, a participación, a paz e a cultura sexan o froito do esforzo de todos e o resultado do que todos se beneficien”.

Doc.2.-Lei para a Reforma Política, aprobada polas Cortes o 18 de novembro de 1976:

Art. 1º.1.A democracia no Estado español baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo.

2.A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 2º. 1 .As Cortes compóñense do Congreso dos Deputados e do Senado.

2. Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade.

3. Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. O Rei poderá designar para cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos”.

Doc.3.-Na campaña para as eleccións de xuño de 1977, o candidato de UCD, Adolfo Suárez, pronuncia o seguinte discurso:

“Prometemos volverlle a soberanía ó pobo español, e pasado maña exercea.

Prometemos normalizar a nosa vida política, xestionar a transición en paz, construír a democracia desde a legalidade, e cremos que, coas lóxicas deficiencias, o conseguimos.

Prometemos que tódalas familias políticas poderían ter un lugar nas Cortes, e o mércores poden acadalo (...).

Podo prometer, e prometo, intentar elaborar unha Constitución en colaboración con tódolos grupos representativos nas Cortes, calquera que sexa o seu número de escanos (...). Podo prometer, e prometo (...), adicar tódolos esforzos a acadar un entendemento social que permita fixar as novas liñas básicas que ha seguir a economía española nos vindeiros anos (...). Podo prometer, e prometo, un marco legal para institucionalizar cada rexión segundo as súas propias características”.

Doc 4.-Constitución de 1978:

“Art. 1.1.-España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordeamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

1.2.-A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

1.3.-A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

Art.2.-A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de tódolos españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

Art.3.1.-O castelán é a lingua española oficial do Estado (...).

3.2.-As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos (...).

Art.6.-Os partidos políticos expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política”.

Doc 4.-O coronel Tejero asalta o Congreso dos Deputados o 23 de febreiro de 1981:



Doc 6.- Resultados das eleccións xerais de 1982:

PARTIDOS	ESCANOS
PSOE	202
AP-PDP	106
UCD	12
CIU	12
PNV	8
PCE	5
OUTROS	5

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 2

Os seguintes textos deben permitírche facer unha redacción sobre o movemento obreiro en España desde as súas orixes ata a crise da Restauración. Estructurando libremente a túa composición á luz dos documentos, e tendo en conta a súa contextualización, debes atender cando menos ós seguintes aspectos: razóns e reivindicacións obreiras, formas de organización e loita, e caracterización ideolóxica das principais organizacións obreiras.

Doc.1.-Parte do xeneral Pastor sobre o incendio da fábrica Bonaplata (Barcelona, 1835):

“Foi queimada a fábrica de tecidos e fundición de ferro dos señores Bonaplata e Cía. As autoridades, cando se decataron de que tentaban este ataque os amotinados, enviaron toda a forza de que se podía dispoñer, co fin de atallar o incendio; mais en balde, xa que estaban determinados a facelo, convencidos de que os teares movidos por máquinas diminuían a produción do traballo manual. Os donos da fábrica, que tiñan hai días temores deste ataque, tomaron precaucións cunha garda dos seus propios dependentes, quen prematuramente fixeron fogo ós amotinados, cousa que alporizou a estes e aumentou a súa insolencia. A tropa que tiña que contelos púxose de por medio e resultaron da liorta varios mortos e feridos”.

Doc.2.-En setembro de 1855, *El Eco de la Clase Obrera* publicaba a seguinte petición as Cortes:

“Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara a súa ruina. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e das habitacións é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ó taller ás nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vosoutros. Non pretendemos que ataquedes a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que matedes a concurrencia, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorrernos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos únicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS.

Hoxe concédesenos só para favorecer nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarnos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses”.

Doc.3.-Neste artigo publicado en setembro de 1872 en *La Defensa de la Sociedad*, advírtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores (AIT):

“Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ó cidadán humilde e ó elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ó traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ó goberno, á economía política; e en fin, a tódalas entrañas da vida da humanidade. ¡Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!

E vencidos saírían se os ánimos rectos, se os homes dos que os seus intereses morais e materiais están ameazados, se as clases lexítimas cegamente combatidas, non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo onde empurra á sociedade enteira esa tempestade de erros (...), polígota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional”.

Doc 4.-En marzo de 1917, este Manifesto conxunto da UGT e a CNT propón a folga xeral, que sería definitivamente convocada en agosto:

“O proletariado organizado chegou así ó convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da *Unión general de Trabajadores* e os da *Confederación Nacional del Trabajo* acordaron por unanimidade: Primeiro: (...) co fin de obrigar as clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ó pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 1

Os seguintes documentos permiten elaborar unha composición sobre os fundamentos políticos da Restauración borbónica e o funcionamento real do sistema. Concibida como unha monarquía parlamentaria (Doc.1) que se plasma na Constitución de 1876 (Doc.2), a súa dinámica política estivo non obstante marcada pola manipulación da quenda pacífica entre os dous grandes partidos dinásticos (Doc.3), o protagonismo do caciquismo (Doc.4) e o recurso sistemático ó fraude electoral (Doc.5). Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes apoiarte nelas ó elaborar a túa redacción.

Doc.1.-O Manifesto de Sandhurst presenta en 1874 o programa político da Restauración:

“Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ó seu habitual dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 ímpediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil (...).

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade (...) para que tódolos problemas que traia o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Principes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conducta non hei esquecerla eu na miña condición presente, e cando tódolos españois están xa afeitos ós procedementos parlamentarios”.

Doc.2.-Constitución de 1876:

“Don Alfonso XII, pola gracia de Deus, rei constitucional de España; a tódolos que as presentes viren e entenderen sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):


Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art 19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...).

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei (...).”.

Doc.3.-A quenda: Cánovas e Sagasta alternáanse como cociñeiro e cliente, pero España sempre frega os pratos:



Doc 4.-Benito Pérez Galdós critica o caciquismo en Política española (antoloxía de artigos), 1884:

“Consecuencia de todo elo é o caciquismo, o entronzamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos (...). O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo que disfrutaban os máis pobres do lugar; seus son o carteiro-peón, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen ó facer o reparto da contribución carga a man ó adversario, alixeirando ó amigo (...). Verdade é que o tirano da aldea, que tan grandes servicios presta ó deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias (...).”.

Doc 4.-Valentí Almirall, republicano federal, denuncia o fraude electoral (1880):


“Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consoma as eleccións (...), dende o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid (...). Nada hai que sexa sagrado: listas electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia”.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 2

Os documentos seguintes permiten elaborar unha composición sobre a evolución política da Segunda República ata o golpe de estado de xullo de 1936. Tal evolución estivo en gran parte marcada polos resultados das diferentes eleccións a Cortes (Doc.1). Na primeira etapa, a composición do Parlamento posibilita a promulgación dunha Constitución (Doc.2) que abre o camiño a importantes reformas en diferentes ámbitos; o triunfo das dereitas en 1933 supón un xiro esencial, manifesto xa no programa electoral que se pretende aplicar (Doc.3); por último, o resultado electoral de 1936 reinicia de xeito acelerado a política de reformas (Doc.4), pero coa ameaza crecente dun golpe como o que se denuncia no Doc.5. Lembra que debes apoiarte nas fontes subministradas para elaborar a túa redacción.

Doc.1.-Gráfico simplificado (esquerdas/dereitas) dos resultados electorais de 1931,1933 e 1936:



Doc.2.-Constitución de 1931:

“Art.1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de liberdade e de xustiza (...).

A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos municipios e das rexións (...).

Art.3.-O Estado español non ten relixión oficial (...).

Art.39. Os españois poderán asociarse ou sindicarse libremente (...).

Art.44. Toda a riqueza do país, sexa quen for o seu dono, está subordinada ós intereses da economía nacional (...). A propiedade de toda clase de bens poderá ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade social mediante adecuada indemnización (...). Cos mesmos requisitos a propiedade poderá ser socializada (...).

Art.48. A ensinanza primaria será gratuita e obrigatoria. A ensinanza será laica (...).”

Doc.3.-En outubro de 1933, o xornal ABC publica o programa electoral da candidatura antimarxista por Madrid:

“Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente e por riba de todo a necesidade dunha inmediata derogación (...) dos preceptos, tanto constitucionais coma legais, inspirados en designios laicos e socializantes (...); traballarán sen descanso para acadar a cancelación de tódalas disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas (...). A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representanda polo socialismo e os seus subalternos (...), prevaleza (...) na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados tódolos nosos esforzos”.

Doc 4.-En xaneiro de 1936, a Fronte Popular presenta o seu pacto-programa:

“Como suposto indispensable de paz pública, os partidos coaligados comprométese:

1º. A conceder por lei unha ampla amnistía dos delitos político-sociais cometidos posteriormente a novembro de 1933 (...).

Restablecerán o imperio da Constitución (...).

Derogarán inmediatamente a vixente lei de arrendamentos (...). Consolidación na propiedade, previa liquidación, ós arrendatarios antigos e pequenos (...).

A República ten que considerar o ensino como atributo indeclinable do Estado (...). Pularán, co ritmo dos primeiros anos da República, a creación de escolas de primeira ensinanza”.

Doc 5.-José Díaz, secretario xeral do PCE, denuncia nas Cortes a existencia dun complot contra o goberno da Fronte Popular (15 de xullo de 1936):

“Señor Gil Robles (...), estamos completamente seguros de que en moitas provincias de España se están a facer preparativos para o golpe de Estado (...). Todos estamos vixiantes, a fin de que non poidades levar a cabo os vosos intentos porque, de facelo así, levaredes a España polo camiño polo que a levastes neses dous anos de represión, de fame e de descrédito para o país. Nós non queremos esa España, senón unha España democrática, onde haxa benestar para os obreiros e para as clases populares (...). Non queredes acatar o que representou o triunfo do 16 de febreiro, e de aí a vosa política e a vosa actuación”.

CONVOCATORIA DE XUÑO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto ós contidos concretos tratados na redacción, e referidos ós documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

OPCIÓN 1

-A transición como un proceso de liquidación da ditadura franquista e instauración dun sistema democrático.

-A posición dunha monarquía que busca a súa consolidación na lexitimidade democrática e as demandas de variadas forzas sociais e políticas da oposición, como factores que promoven a transición.

-O triunfo dunha vía reformista, conducida por Adolfo Suárez e a UCD, como solución de compromiso entre posturas rupturistas e continuistas, e que ten a súa mellor plasmación na Lei para a Reforma Política.

-A pretensión permanente de consenso, que posibilita acordos como os Pactos da Moncloa e sobre todo a propia Constitución de 1978.

-A Constitución como pedra angular do novo Estado democrático, destacando algúns aspectos esenciais

(soberanía popular, *Estado das Autonomías...*).

-As dificultades que afronta o proceso: golpismo, terrorismo...

-A alternancia no poder tralas eleccións de 1982, no que supón de consolidación da democracia e que pode ser analizada como remate da transición.

OPCIÓN 2

-O movemento obreiro como manifestación da nova conflictividade social que o avance da industrialización propicia. Proletariado e burguesía industrial, como clases con intereses enfrontados.

-Un contexto político (liberalismo) en xeral hostil ós intereses e reivindicacións da clase obreira.

-As reivindicacións obreiras nos ámbitos sociolaboral (condicións de traballo, xornada, traballo feminino e infantil, salarios...) e político, destacando neste último o papel da conflictividade obreira na crise da Restauración.

-As principais formas de loita e organización e a súa evolución: ludismo, asociacionismo, internacionalismo, sindicalismo.

-O predominio do anarquismo e do socialismo como tendencias ideolóxicas do movemento obreiro en España, destacando e caracterizando á CNT e á UGT como principais organizacións.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto ós contidos concretos tratados na redacción, e referidos ós documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

OPCIÓN 1

-As circunstancias nas que se produce a restauración monárquica.

-O carácter marcadamente conservador do proxecto restauracionista, plasmado na Constitución de 1876, atendendo esencialmente na súa análise á soberanía compartida, á institucionalización e exercicio dos poderes do Estado e á confesionalidade do réxime.

-A posta en marcha e funcionamento do bipartidismo,

identificando ás forzas políticas alternantes.

-O caciquismo e o fraude electoral como vicios que, se ben outorgan estabilidade á quenda pacífica, desprestixiaron progresivamente o sistema parlamentario.

-É pertinente facer algunha alusión á posterior crise do sistema.

OPCIÓN 2

-As diferentes etapas que marcan a vida política da Segunda República, en consonancia cos resultados electorais de 1931, 1933 e 1936.

-Caracterización das principais forzas políticas e os seus respectivos apoios sociais e institucionais.

-As políticas aplicadas en cada unha das etapas, atendendo esencialmente ós ámbitos mencionados nos documentos: rexional, educativo, relixioso, agrario.

-O golpe de Estado de 1936, que inicia unha guerra civil, como clímax da confrontación.